



CONCURSO INFANTIL DE POSTAIS DE NADAL

O Concello de Vimianzo convoca o VIII Concurso Infantil de Postais de Nadal, que se rexerá polas seguintes

BASES

- 1- Poderán participar todos os nenos e nenas de Educación Infantil e Educación Primaria
- 2- O tema dos debuxos será **“Vive o Nadal en Vimianzo 2019”**
- 3- A técnica será libre exceptuando as purpurinas, algodóns e as tintas metálicas que non serán admitidas
- 4- As dimensións máximas do soporte serán 210 x297 mm (A4). O formato da imaxe será libre sempre e cando estea contido dentro do formato A4 e por unha soa cara
- 5- Non se admitirán os traballos que veñan pregados
- 6- No reverso da obra indícase: título do traballo, nome e apelidos do autor ou autora, idade, curso e nome do Centro escolar
- 7- Non se admitirán traballos que veñan sen asinar ou os que acheguen os datos noutro lugar diferente ao especificado na cláusula anterior
- 8- Establécense cinco categorías:
 - Categoría A: nenos e nenas de 4º, 5º e 6º Educación Infantil
 - Categoría B: nenos e nenas de 1º e 2º Educación Primaria
 - Categoría C: nenos e nenas de 3º e 4º Educación Primaria
 - Categoría D: nenos e nenas de 5º e 6º Educación Primaria
- 9- Estableceranse dous premios en cada categoría consistentes en material didáctico ou libros de lectura.
- 10- Os traballos serán entregados na Casa da Cultura de Vimianzo de luns a venres de 9:00 h. a 20:00 h. e os sábados de 10 a 13:00 horas.
- 11- Entre os debuxos premiados o Concello seleccionará a postal de Nadal que se utilizará para o cartel do Nadal de 2020.
- 12- O fallo do xurado darase a coñecer o 22 de decembro e a entrega de premios realizarase ese mesmo día nun acto público na Casa da Cultura.
- 13- Todos os debuxos presentados serán expostos na Sala de Exposicións Antón Mouzo da Casa da Cultura.
- 14- O prazo de presentación de traballos ábrese o 2 de decembro de e remata o 18 de decembro de 2019
- 15- O xurado será designado pola Alcaldía e o seu fallo será inapelable.
- 16- A participación no concurso supón a aceptación das presentes bases

Vimianzo, 27 de novembro de 2019